MANIFESTO DA PLATAFORMA POLA DEFENSA E MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA DE OURENSE SOBRE OS HOSPITAIS DE TOÉN, PIÑOR E CHOU

En Ourense levamos demasiado tempo oindo falar de proxectos para a Reforma e Ampliación das Infraestructuras do CHOU. ***Nos últimos 2 anos nada se ten feito*** *e seguimos sen datas para aqueles apartados máis urxentes. Entre eles a construcción dun Novo Edificio para a hospitalización e Rehabilitación Psiquiátrica, ou para a remodelación das habitacións obsoletas do vello edificio Cristal (antigua Residencia) que obrigan a compartir baño en moitas ocasións a 6 persoas, a Cociña do Complexo leva e tempo en condicións de precariedade, a unificación do Área Ambulatoria,etc,etc, son tamén importantes.*

As decisións tomadas pola Xerencia do CHOU e avaladas pola Consellería de Sanidade amosan con claridade que ***non existe ningunha intención de dotar a nosa provincia dos equipamentos que necesita****. Unha vez máis sufrimos novas marxinacións nas inversións públicas. Decisións que ralentizan e poñen freo a un Plan Director que dote ao CHOU dos necesarios,urxentese novos equipamentos. En Vigo e Pontevedra aceleranse os trámites para os Novos Hospitais . O Presidente da Xunta, anuncia na Coruña a ampliación do seu Hospital en máis de 23.000 metros cadrados para o inverno do 2012.*

Namentras, os Directivos Sanitarios de Ourense ¿qué ofrecen a súa cidadanía? Parches e chapuzas. Cambiar as cousas de sitio sen renovar nada. Manter estructuras obsoletas e complicar ainda máis o existente. Esta é a razón do traslado de Toén a Piñor e de Piñor a un conxunto de cativos e dispersos chiringuitos entre o edificio do Cristal e do Nai. De onde non hai non se pode sacar. Todo para non prantar cara en Santiago e esixir para a Ourense o que necesita e de xustiza nos corresponde. ***Non pedimos tratos de favor, nen privilexios pero queremos iguais condicións que o resto de Galicia****. O CHOU necesita, entre outras cousas, dunha nova estructura para os pacientes de saúde mental. Non sirve de nada cambiar o problema de sitio, hai que resolvelo e darlle unha solución a longo prazo.*

O CHOU non pode prescindir de ningunha cama hospitalaria. *Cada día. e non só no inverno, son moitos os pacientes que non teñen cama para ingresar e son ubicados en espazos provisionais en condicións de alta precariedade durante 24-48 horas. O Plan de Renovación e Ampliación do CHOU contemplaba un incremento das camas dispoñibles, unhas 50 máis que as actuais. Os traslados de Toén e de Piñor van incidir,negativamente, na disminución do número de camas e vai provocar maiores atascos para o ingreso urxente dos pacientes e posiblemente virá acompañada dunha maior desorde,pois obrigará a colocar a moitos dos doentes fora dos seus respectivos servizos, creando graves problemas asistenciais tanto aos profesionais como as familias.*

Nada se ten dito, por outra banda, dos custes que terán as reformas arquitectónicas nos Edificios pensados para outra función*. Albergamos moitas dúbidas de que unhas obras feitas coa calidade obrigada e cumprindo cos requerimentos normativos teñan menores custes que a construcción dun Novo Edificio. Tampouco se sabe se se axustarán ao Plan Funcional, redactado e aprobado no 2008 para a hospitalización de Rehabilitación Psiquiátrica. Parece difícil que sexa deste xeito nun Edificio como Piñor, pensado e construido para outro tipo de pacientes e de asistencia.Exemplo:ver as súas amplias balconadas.*

Tamén descoñecemos os proxectos, se os hai, para a utilización sociosanitaria dos terreos de Toén*, se o actual Hospital Psiquiátrico os abandona. As grandes necesidades que ten unha provincia tan evellecida e dispersa, fan intolerable que a cidadania de Ourense permita a perda deste equipamento.*

Por todo elo, a Plataforma para la Defensa e Mellora da Sanidade Pública de Ourense (PDEMSPOU) ***esixe as autoridades sanitarias a continuación dos Plans de Reforma e Ampliación do CHOU****, comenzando polos aspectos máisi urxentes como é a construcción dun Novo Edificio de Rehabilitación Psiquiátrica. Dentro desta esixencia ten que incluirse o compromiso concreto con datas e prazos, xa está ben de propaganda hai que pasar os feitos.*

Namentras este compromiso coa cidadanía, desta provincia, no sexa firme, os traslados propostos deben ser rexeitados *e considerados como una medida que está a acochar a decisión política da Xunta e da Consellería de Sanidade de excluir e perxudicar a Ourense nos seus proxectos de inversión en infraestructuras sanitarias.*

A PDEMSPOU solicita da cidadanía ourensán e das institucións de ámbito local e provincial a súa adhesión explícita a esta esixencia, co fin de facerlla chegar polos cauces necesarios a Xunta e a Conselleria de Sanidade.